

# Homenaxe a Carvalho Calero no próximo Congreso da AGAL


A Nosa Terra 435,  
7 Junho 1990, p. 17

## O próximo Outono en Vigo e Ourense, III Congreso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza

Do 27 de Setembro ao 1 de Outubro vaise celebrar, simultaneamente en Vigo e Ourense, o III Congreso Internacional da Língua Galego-Portuguesa na Galiza, e que vai ter como sub-título "Homenagem ao professor Carvalho Calero". O Congreso, que cada tres anos organiza a AGAL, vaise celebrar simultaneamente en Vigo e Ourense.

### ■ x.c.

A morte do profesor Carvalho Calero no pasado Abril, motivou que os organizadores do Congreso decidiran engadir como un dos obxectivos a cubrir a homenaxe a quen foi unha figura capital na recuperación lingüística do noso idioma e mentor fundamental do movemento reintegracionista na Galiza. Con ese motivo engadiuse un novo apartado de estudos sobre a súa obra e figura no que xa hai anunciados unha decena de traballos: Helena Alvaredo ("A historia na súa obra literaria"); Carme Blanco ("A mulher nas *Cantigas de amigo*"); Pilar Garcia Negro ("Vixéncia dos seus planxamentos lingüísticos"); Antón Gil Hernández ("Dos *Estudos* de Rodríguez Lapa aos *Problemas* de Carvalho Calero"); Aurora Marco ("O estatuto do narrador na obra de Carvalho"); Carlos Quiroga ("A narrativa de Carvalho"); Maria Luisa Reimúndez ("O enigmático *Scórpio*"); Manuela Rivera Cascudo ("A poesía de Carvalho"); Claudio Rodríguez Fer ("Carvalho Calero no estalido da guerra civil"); e Elvira Souto ("O exilio de Carvalho: ostracismo e fármacos").



### Outros obxectivos

Os outros obxectivos do congreso da AGAL son impulsar os traballos encamiñados a analizar, clarificar e cuestionar a situación lingüística galega; presentar proxectos globais ou puntuais que den resposta efectiva á planificación lingüística; concienciar e interesar aos cidadáns galegos para que colaboren na dignificación e normalización do noso idioma; analizar todos os factores extra-lingüísticos que impeden que o galego sexa unha lingua normalizada e desenvolvida en todos os ambientes e establecer formas de intercambio e cooperación no

ámbito da investigación científica, cultural e pedagóxica coa comunidade científica internacional, nomeadamente en países de expresión galego-portuguesa ou onde existen conflitos lingüísticos.

A estruturação deste congreso está feita en dous blocos temáticos, ademais do antesdito de homenaxe a Carvalho Calero, o primeiro deles sobre *Ciencias da Linguaxe* e o segundo á *Língua e texto literario*.

A presidencia de honra do Congreso estará constituída polos brasileiros Sílvio Elia, Gladstone Chaves de Melo e Leodegário de Azevedo Filho, o gale-

go Jenaro Marinhas del Valhe e o portugués J. Heráclano de Carvalho.

Inscritas nesta altura máis de duascenas persoas, a organización agarda completar o cupo máximo previsto de cincocentas, tendo confirmado a súa presenza os cataláns Vicent Pitarich e Lluís V. Aracil, os bascos Alvarez Emparantza "Txillardegui" e Sánchez Carrión "Txepetx", e os galegos Nemésio Barxa, Cesar Cunqueiro, Araceli Herrero, Pedro Fernández-Bello, Martinho Montero, Cesar Carlos Moram Fraga, Xavier Vilhar, José Luis Rodríguez e Isidoro Padim entre outros ademais dos antes citados. A representación de países da mesma área lingüística inclúe a profesores portugueses (Albano Martins, Antonio Baptista...), brasileiros (Mónica Rector, Gumercindo Gonda, Beatriz Weigert...) e outras nacionalidades: Luciana Stegagno, J. Herman ou Miorita Ulrich.

A organización ten pechado xa o prazo de recepción de ponencias e comunicacións e vai publicar de inmediato o programa definitivo, permanecendo aberto o prazo de inscrición que ten de custes 3.000 pesetas (estudantes e desempregados), 5.500 (membros de AGAL) e 7.500 (non membros de AGAL) pudéndose realizar ao Apartado de Correos 453 de Ourense.

O Congreso conta con axudas de entidades financeiras (Caixa Galicia) e diferentes institucións (Fundación Gulbenkian e Deputación de Ourense), ademais dos locais cedidos polo Centro Cultural da Caixa Vigo e o C.U. de Ourense. Fican á espera da resposta dos Concellos de Vigo e Ourense, Deputación de Pontevedra, Universidade de Vigo, Consellería de Cultura e Ministerio de Cultura. □